

B A N D O

Anuncio de cobranza 2023

A partir do día 2 de MAIO e ata o 4 de SETEMBRO, ambos os dous inclusive, poranse ao cobro os recibos polo IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (I.B.I.U.) e IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA (I.B.I.R.), correspondentes ao ano 2023.

As persoas interesadas poden consultar o contido das listas cobratorias na planta baixa da Casa do Concello (Praza Maior, 1), en horario de oficina de 9:00h a 14:00h, de luns a venres.

Forma de pagamento:

- Recibos domiciliados: Quen teña o pago dos recibos domiciliados nun Banco ou Caixa de Aforros recibirá, no seu domicilio, o correspondente xustificante bancario do seu pagamento.
- Recibos non domiciliados: Os contribuíntes recibirán, no seu domicilio, os recibos que deberán presentar nalgún dos Bancos ou Caixa de Aforros que neles se citan. Tamén poderán realizar o pago a través de Internet en www.allariz.gal/administracion/tributos e en Correos mediante xiro postal. En caso de extravío ou se non os recibiran no seu domicilio, poden solicitarse nas oficinas municipais.

Os recibos non aboados no período de pago voluntario incorrerán nunha recarga do 5%, 10% ou 20%, segundo proceda, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei xeral tributaria, Lei 58/2003.

Allariz, 04 de abril de 2023

A ALCALDESA./Cristina Cid Fernández